



CAMPAÑA DE AXUDAS PAC/DR-2022. ASPECTOS RELEVANTES A CONSIDERAR NAS DECLARACIÓNS DE SUPERFICIES

Sixpac: solicitudes de alegacións.

É responsabilidade das persoas solicitantes comprobar a información contida no Sixpac; en concreto a delimitación gráfica e o uso asignado aos recintos. Así mesmo, deberan asegurarse de que os seus recintos non conteñen elementos non elixibles, en particular, camiños e edificacións.

No caso do que o Sixpac non reflecta a situación real das parcelas debe realizar a oportuna alegación dado que a información non coincidente coa realidade pode dar lugar a sancións nas axudas.

O prazo de presentación de alegacións ao Sixpac rematará o 31 de maio para os solicitantes de axudas na Solicitude única da campaña 2022. Haberá un período adicional de actualizacións ata o 31 de outubro, pero sen efectos para as axudas solicitadas da campaña 2022.

Nesta campaña todas as alegacións ao Sixpac será tramitadas a través do módulo Sga-Gas.

Declaración gráfica de parcelas en zonas de concentración parcelaria.

Se declaran a través da capa gráfica que contén as parcelas de reemprazo das 62 zonas de concentración.

As zonas, para cada provincia e concello, están identificadas polo nome e por un código composto de 7 díxitos correspondentes ao código de provincia (os dous primeiros díxitos), ao código de concello (os tres díxitos seguintes) e á numeración correlativa da zona (os dous últimos díxitos).

Monitorización.

Permitirá realizar un seguimento continua do 100% das superficies declaradas no 100% das solicitudes, e determinar se existe actividade agraria. A introdución foi paulatina e xa neste ano 2022 realizarase monitorización en toda a comunidade autónoma.

A monitorización cubrira as parcelas declaradas para as axudas directas por superficies e ás axudas a Zonas con limitacións naturais do PDR de Galicia 2014-2022 e proporcionará o resultado do control da parcela (semáforo) de tal xeito que:

a) Cor verde: coincidencia entre o declarado e o comprobado mediante monitorización.



b) Cor amarela: dubida entre o declarado e o identificado mediante monitorización.

c) Cor vermella: falta de coincidencia entre o declarado e o identificado mediante monitorización.

O Fogga comunicara as parcelas clasificadas coas cores amarela e vermella de xeito que as solicitudes poidan modificarse ata o 15 de setembro.

Os informes de control finais, que estarán dispoñibles no expediente electrónico individual accedendo ao Portal de axudas PAC (web Fogga) e a través da app Sga@pp, notificaranse mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Modificación de superficies:

O prazo para a modificación da Solicitud única vai do 1 de maio ao 31 de maio.

No caso das solicitudes de agricultores con parcelas sometidas a monitorización poden presentarse alegacións no prazo que vai do 1 de maio ata o 15 de setembro.

Compre ter en conta que os cambios permitidos para a Solicitud única (ata o 31 de maio) non son os mesmos que para as alegacións nos casos de monitorización (ata o 15 de setembro) de tal xeito que:

- No caso da Solicitud única poderase modificar a mesma para eliminar, modificar ou engadir réximes de pagamentos directos ou medidas de desenvolvemento rural, así como tamén para suprimir, modificar ou engadir parcelas individuais ou dereitos de pagamento individuais.
- No caso de solicitudes sometidas a monitorización, as alegacións só permiten modificar o produto declarado, o sistema de explotación, etc.

Ademais, no caso das solicitudes sometidas a monitorización compre ter en conta que:

- No caso de optar por presentar alegación os declarantes poden xustificala mediante a aportación de fotografías xeorreferenciadas e/ou documentación que confirmen o produto declarado. (Ver apartado seguinte)
- No caso de rexeitar a presentación de alegación ou non poder emendar o erro, os agricultores non poden dar de baixa a parcela, pero si que poden optar por desligala das axudas marcadas para así non ser penalizados nas mesmas. O que non é procedente nin resolve o problema neste caso e dar de baixa fotografías xeorreferenciadas asociadas á parcela previamente cargadas.

Fotografías xeorreferenciadas.

A Orde do 21 de xaneiro de 2022 obriga á presentación de fotografías xeorreferenciadas nos seguintes casos:



Solicitudes de alegacións ao Sixpac: deberán aportar 2 fotografías datadas e xeorreferenciadas indicando sobre a saída gráfica do visor o punto e a dirección coa que foron tomadas:

- Recintos que impliquen un incremento do valor do CAP.
- Recintos con cambios de usos iniciais: forestal (FO), pasto con arboredo (PA) ou pasto arbustivo (PR).
- Recintos que presenten alegacións ao Sixpac tipo 12 (reinicio da actividade agraria)

Non obstante, no caso de recintos contiguos co mesmo uso e produto que superen en conxunto as 5 hectáreas, so será necesario achegar unha fotografía por hectárea.

Solicitudes da PAC: deberán aportar 2 fotografías datadas e xeorreferenciadas indicando sobre a saída gráfica do visor o punto e a dirección coa que foron tomadas:

- Recintos con superficie solicitada na liña da axuda asociada aos cultivos proteicos no período principal de cultivo (do 15 de xaneiro ao 30 de abril).
- Recintos con declaración de superficies de interese ecolóxico (SIE) do pagamento verde no período principal de cultivo (do 15 de xaneiro ao 30 de abril).

Fotografías xeorreferenciadas preventivas:

Existen outros casos nos que, non sendo exixidas pola normativa as fotografías xeorreferenciadas, si é recomendable a súa utilización, concretamente nos casos en que poda haber problemas cos semáforos da monitorización e, en concreto nos seguintes casos:

- En parcelas cultivadas de raygrass durante o período principal de cultivo seguido doutro cultivo posterior (casos de dobre colleita).
- No caso de cultivos permanentes recentemente implantados, de cultivos minoritarios ou atípicos na zona, de cultivos baixo plástico, etc.

Uso da app SGAFoto:

As fotografías xeorreferenciadas realizaranse preferentemente coa app SGAFoto.

Na web do Fogga está dispoñible unha guía coas directrices para a súa realización e vídeos formativos:

https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/portal_de_axudas_pac

Cambios por campaña (SIXPAC)

Como todos os anos, disporase da información relativa aos cambios nas referencias Sixpac entre as campaña 2021 e 2022 no enlace seguinte:



<https://fogga.xunta.gal/gl/sixpac/cambios-por-campana>.

Outra información a ter en conta

En relación con outra información de superficies compre revisar o contido existente na páxina web do Fogga, accesible no seguinte enlace:

https://fogga.xunta.gal/gl/politica_agraria_comun/pac_2015_2020/pac_2022

Nela pódese atopar información correspondente á campaña de solicitude única de axudas PAC/DR 2022 e, no relativo á declaración de superficies, destaca o seguinte contido:

- 1- Na pestana “Solicitude unificada”: a relación de zonas de concentración parcelaria nas que a declaración gráfica de parcelas se ten que facer polas referencias de concentración parcelaria cuxo enlace é:

http://fogga.xunta.gal/sites/w_fogga/files/ficheiros/pdf/pac/pac2022/20220125-zonas-de-concentracion-parcelaria-non-sixpac.pdf

- 2- Na pestana “Entidades colaboradoras”: a información sobre as novidades na declaración de superficies para a campaña 2022 no enlace:

https://fogga.xunta.gal/sites/w_fogga/files/ficheiros/pdf/pac/pac2022/20210224_No-vidades-campana-2022-axudas-superficies.pdf

Ademais atópanse colgadas tamén e as Notas técnicas seguintes:

- Nota Técnica 03: Prácticas beneficiosas para o clima e o medio ambiente (Pago verde)

https://fogga.xunta.gal/sites/w_fogga/files/ficheiros/pdf/pac/pac2022/3-Practicas-beneficiosas-para-o-clima-e-o-medio-ambiente_Pago_verde-2022.pdf

- Nota Técnica 04: Axudas asociadas á produción

https://fogga.xunta.gal/sites/w_fogga/files/ficheiros/pdf/pac/pac2022/4-Axudas-asociadas-2022.pdf

- Nota Técnica 08: Preguntas e respostas sobre a aplicación da PAC 2015-2022

https://fogga.xunta.gal/sites/w_fogga/files/ficheiros/pdf/pac/pac2022/8-Preguntas-e-respostas-2022.pdf